



Tíralle da lingua é un proxecto da AS-PG, dirixido ao alumnado e profesorado, co obxectivo de incentivar e normalizar o uso oral da nosa lingua, converter o idioma en instrumento de comunicación normal, de creación e recreación de historias, de lingua de uso do noso sistema educativo, en definitiva, de devolverlle ao galego o espazo que lle corresponde.

**E sobre todo, asegurar a competencia na fala entre o noso alumnado!**

## BASES DO CONCURSO

- 1<sup>a</sup> As historias poderán ser de base popular, de base literaria ou creación propia.
- 2<sup>a</sup> As historias contarase en galego.
- 3<sup>a</sup> Nas historias valorarase a calidade lingüística e o seu carácter construtivo e pedagóxico (linguaxe non discriminatória, linguaxe non sexista...), dicción, dramatización ou espontaneidade.
- 4<sup>a</sup> Os/as participantes concursarán individualmente ou en grupo, pero sempre respectando o tempo máximo por actuación que será de 5 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación. Poderán participar cun máximo dunha historia.
- 5<sup>a</sup> O concurso vai destinado a tres niveis académicos.
  - 1) Primaria.
  - 2) 1<sup>o</sup> Ciclo de ESO.
  - 3) 4<sup>o</sup>ESO e ensino postobrigatorio.
- 6<sup>a</sup> O concurso farase en dúas fases con carácter selectivo:
  - 1) A nivel centro de ensino.
  - 2) A nivel nacional.
- 7<sup>a</sup> Na primeira fase será o propio centro o que determine e se responsabilice dos posibles premios aos concursantes. O número de concursantes que pasarán da primeira á segunda fase determinarase en función da participación, o que se comunicará aos centros.
- 8<sup>a</sup> A formalización da inscrición no concurso por parte dos centros realizarase antes do día 19 de novembro de 2021 enviando un e-mail a: [informacion@as-pg.gal](mailto:informacion@as-pg.gal). Recibirán confirmación da inscrición e dos datos que deben completar.
- 9<sup>a</sup> A fase final celebrarase a finais de novembro en Santiago, en dous grupos diferentes: un para primaria e primeiro ciclo de secundaria e outro para segundo ciclo de secundaria e ensino postobrigatorio.
- 10<sup>a</sup> Na fase final concederase un primeiro premio por nivel cun valor de 250 euros e un segundo, se o xurado así o estima, por valor de 150 euros. Os centros de ensino dos participantes gañadores recibirán un premio do mesmo importe.
- 11<sup>a</sup> O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades, actuando de secretario/a un representante de Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- 12<sup>a</sup> O xurado emitirá o ditame o mesmo día da celebración do concurso.
- 13<sup>a</sup> A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. A AS-PG poderá modificar a modalidade da fase final por razóns que respondan a situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir.

**IMPORTANTE!** Todos os centros participantes, enviarán a gravación das historias seleccionadas para a fase final por se non se pode facer de xeito presencial.